

*Informe da presenza da
Universidade de Vigo
nos principais rankings
universitarios*



A publicación do presente informe está aliñado co cumprimento do ODS 16, e en particular, coa meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade e co ODS 17, e en particular, coa meta 17.18 que busca aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de calidade.



OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE

Contido

Introdución	1
Rankings Internacionais	2
Rankings España	26
Anexo I. Cadro resumo posición UVigo Rankings Internacionais	34
Anexo II. Cadro resumo posición UVigo Rankings nacionais	36
Anexo III. Cadro resumo posición UVigo Ranking ARWU subject	37
Anexo IV. Cadro resumo posición UVigo Ranking THE subject	39
Anexo V. Cadro resumo posición UVigo Ranking QS subject	40
Información de contacto	41

*Na seguintes páxinas
pode consultarse un
avance da posición
da UVigo en
distintos rankings no
ano 2021.*

Introdución

A Universidade de Vigo ten o recoñecemento internacional dalgúns dos rankings universitarios máis relevantes, pero tamén unha presenza moi destacable nas clasificacións que realizan diversas entidades dentro de España, que no ano 2021 incorporouse á clasificación do ranking de Innovación Educativa de elEconomista figurando entre as 50 universidades máis innovadoras de Iberoamérica, e na clasificación de Forbes University figurando entre as 20 mellores universidades.

Nas seguintes páxinas podemos ver a posición da nosa universidade en diversas clasificacións que valoran, dende a capacidade investigadora, a docencia, a citación, a produción científica e artigos académicos, á transferencia de coñecemento ou as patentes rexistradas. Na parte final deste informe pode atoparse dúas táboas que reflicte a evolución dos diferentes rankings entre os anos 2017-2021, e incorpóranse novas táboas coa posición da universidade en ARWU Subject, THE Subject e QS Subject.

Debemos ser conscientes que os rankings internacionais comparan sistemas universitarios moi diversos, con características académicas, económicas e socio-políticas moi diversas, polo que non sempre a comparación é de todo adecuada, xa que as diferenzas son tan salientables que as analoxías son moi limitadas. Aínda así, a posición da UVigo nestes rankings amosa claramente os esforzos da nosa institución para acadar as máximas cotas de calidade na ensinanza superior, e permite a comparación con institucións de características similares.




No Académic Ranking of World Universities 2021 a UVigo mantense no grupo das 501-600 mellores do mundo.

Rankings Internacionais

Ranking de Shanghai (ARWU).



O Academic Ranking of World (ARWU) utiliza seis indicadores obxectivos para clasificar as universidades do mundo, incluída a cantidade de ex-alumnos/as e persoal con premios Nobel, o número de investigadores altamente citados, o número de artigos publicados en revistas de ciencias naturais, ou número de artigos indexados no Science Citation Index. Máis de 1800 universidades son clasificadas cada ano, e publícase unha clasificación coas 1000 mellores.



Na súa edición *Academic Ranking of World Universities 2021* a Universidade de Vigo continúa no grupo de 501-600 mellores universidades do mundo. Na súa posición dentro de España atópase no grupo comprendido entre a 13-17.

Este ranking tamén realiza unha clasificación por materias. Nesta edición a nosa universidade ten excelentes resultados nas seguinte áreas: ciencias e tecnoloxías da alimentación, cunha posición no grupo 51-75; en oceanografía, no grupo 101-150; telecomunicación, enxeñaría civil, turismo, ecoloxía, ciencias atmosféricas e en enxeñaría electrónica e eléctrica, nas que se atopa no grupo 201-300.

Máis información sobre o ARWU pode ser atopada na [web](#).

Best Ranked Subjects 🇪🇸

Subject	Rank
Food Science & Technology	51-75
Oceanography	101-150
Telecommunication Engineering	201-300
Civil Engineering	201-300
Hospitality & Tourism Management	201-300
Ecology	301-400
Atmospheric Science	301-400
Electrical & Electronic Engineering	301-400



Na edición World University Rankings 2022 a UVigo está entre as mellores do mundo.

Times Higher Educación (THE WUR)



The Times High Education World University Rankings, proporciona unha lista definitiva das mellores

universidades do mundo, avaliadas en docencia, investigación, perspectivas internacionais ou reputación.

En referencia ao ranking xeral da universidades a nivel mundial na edición *World University Rankings 2022* a posición da UVigo atópase no intervalo das 1001-1200 mellores do mundo, o posto 34 en España. Con respecto aos criterios que se analizan neste ranking as mellores puntuacións son en relación con ingresos por transferencia de coñecemento e internacionalización. Os mellores postos en España os obtén en internacionalización, citacións e ensinanza.

Rank	Name Country/Region	Overall	Teaching	Research	Citations	Industry Income	International Outlook
1001– 1200	University of Vigo 	22.4– 27.1	19.4	15.9	40.3	39.9	43.4

Edición 2022

Máis información sobre o THE pode ser atopada na [web](#).



Times Young University Rankings

Na edición Young University Ranking 2021 UVigo está entre as 251-300 mellores do mundo.

En canto ao ranking das universidades con 50 anos ou menos, a clasificación baséase nos mesmos 13 indicadores de rendemento que para o THE WUR, pero as ponderacións axústanse para darlle menos peso a reputación. As universidades avalíanse en función de todas as súas misións principais: docencia, investigación, transferencia e perspectiva internacional.

No *Times Young University Ranking 2021* a nosa posición a nivel mundial, está no grupo 251-300, con respecto a súa posición en España, acadando o posto 17-23.

Rank	Name Country/Region	Overall	Citations	Industry Income	International Outlook	Research	Teaching
251– 300	University of Vigo 	28.0– 30.7	39.9	36.8	43.4	20.6	24.3

Máis información sobre o THE pode ser atopada na [web](#).




Na edición
Impact Ranking
2021 a UVigo
atópase no grupo
201-300

THE IMPACT.







A Asemblea Xeneral das Nacións Unidas adoptou a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, un plan de acción para as persoas, o planeta e a prosperidade. A Axenda con 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), proporciona un plan de acción para afrontar os maiores desafíos mundiais: erradicar a pobreza e o fomentar o crecemento económico, a inclusión social, a sostibilidade ambiental, a paz e a boa gobernanza para todas as nacións para o 2030. Neste senso, a investigación a innovación e a educación serán esenciais para axudar á sociedade e afrontar os desafíos sociais, económicos e ambientais.









Neste contexto *Times Higher Education* lanza o *THE University Impact*, que ten como obxectivo medir o impacto das universidades na sociedade baseado no éxito das institucións para cumprir os obxectivos da Axenda 2030. Na súa edición Impact Ranking 2021 participaron 1118 universidades de preto de 94 países.






Os resultados da UVigo son destacables nos ODS 7, enerxía accesible e non contaminante, no 4 educación de calidade, no 9, industria innovación e infraestruturas, e no 17, alianzas para acadar os obxectivos.

A UVigo acada o posto 22 na súa puntuación global en España e atópase no sector entre 201-300 a nivel mundial. Con respecto a cada ODS a posición da UVigo pode verse na seguinte táboa.

Obxectivo sostible (ODS)	desenvolvemento	Posto a nivel mundial.	Nº de universidades participantes	Intervalo de puntuación.
	Fin da pobreza	301-400	591	37.9-45.6
	Fame cero	201-300	442	34.9-47.5
	Saúde e benestar	601-800	872	24.0-43.0
	Educación de calidade	101-200	966	64.0-70.7
	Igualdade de xénero.	88	776	65.0
	Auga limpa e saneamento	201-300	520	40.9-48.9

	Enerxía accesible e non contaminante	39	560	71.0
	Traballo digno e crecemento económico.	201-300	685	55.3-61.2
	Industria innovación e infraestrutura.	101-200	680	66.3-83.6
	Reducindo desigualdades.	201-300	669	49.8-56.9
	Cidades e comunidades sostibles.	101-200	656	61.9-72.6
	Producción e consumo responsable.	101-200	503	56.8-69.9
	Acción polo clima.	301-400	566	25.6-35.8
	Paz xustiza e institucións.	101-200	379	42.1-59.0

	Vida de ecosistemas terrestres	101-200	402	44.5-62.6
	Paz, xustiza e institucións sólidas	201-300	653	55.2-63.0
	Alianzas para lograr os obxectivos	301-400	1.155	56.3-64.7

Máis información sobre o ranking THE Impact poden ser consultado na súa [web](#).




No CWTS Leiden Ranking do 2021 a UVigo ocupa o posto 666 na posición mundial.

Leiden Ranking CWTS.



O Leiden Ranking ofrece información clave sobre o rendemento científico de 1225 universidades de todo o mundo, cun conxunto de indicadores bibliométricos, que proporciona estatísticas sobre o impacto científico das universidades e sobre a participación das universidades en colaboración científica.

No CWTS Leiden Ranking do 2021, con datos referidos ao período 2016-2019 a Universidade de Vigo ocupa o posto 666 na posición mundial, o 220 en Europa e o 18 en España. Dentro da posición en España. Por áreas a posición da nosa universidade en España é especialmente boa en “vida e ciencias da terra”, na que se atopa no posto número 11.



Mais datos sobre este ranking poden ser consultados na súa [web](#).



A Universidade de Vigo atópase na edición URAP Ranking 2020-2021 na posición 642 a nivel mundial.

University Ranking by Academic Performance (URAP).



Este ranking clasifica as universidades do mundo baseándose en indicadores de

rendemento académico que reflicten a calidade e a cantidade das súas publicacións académicas. A Universidade de Vigo atópase na edición URAP Ranking 2020-2021 no posto número 21 das universidades españolas e 642 a nivel mundial, o que significa que perde posicións en ambos casos.

No	University	Country	Article	Citation	Total Document	AIT	CIT	Collabo...	Total
642		Spain	54.98	66.67	28.19	56.5	48.31	47.95	302.59

Como podemos observar que as puntuacións máis altas son as relativas a citación, como medida do impacto da investigación, cunha puntuación de 66.67 puntos.

Con respecto ao a clasificación por campos de estudo destaca a posición da Uvigo en ciencias mariñas e tecnoloxía, no posto 129, o posto 264 en enxeñaría da alimentación ou posto 316 en ciencias medioambientais.

Máis datos sobre o URP poden ser consultados na [web](#).



*Na edición World
University
Rankings 2021-
2022 a UVigo
acada a posición
736 a nivel
mundial.*

The Center of World University Rankings (CWUR).



The Center of World University Rankings (CWUR) publica ás únicas clasificacións universitarias globais que miden a calidade da educación e a capacitación dos estudantes, así como o prestixio dos membros e a calidade da investigación.

Na edición World University Rankings 2021-2022 a Uvigo acada posto 736 a nivel mundial e o 22 dentro de España a posición acadada.

Como podemos ver nas súas puntuacións destaca o rendemento da investigación con 695 puntos.


World Rank	Institution	Location	National Rank	Quality of Education	Alumni Employment	Quality of Faculty	Research Performance	Score
736	University of Vigo	Spain	22	-	-	-	695	72.0

Máis información sobre o ranking CWUR pode ser atopada na súa [web](#).



No Scimago Institutions Rankings 2021 a UVigo obtén a posición 638 a nivel mundial.

Scimago Institucion Rankings.




O Scimago Institutions Rankings (SIR) é unha clasificación de institucións académicas e relacionadas coa investigación clasificada por un indicador composto que combina tres conxuntos diferentes de indicadores baseados no rendemento da investigación, produtos de innovación e impacto social medidos pola súa visibilidade na web.

Na clasificación do 2021 a UVigo acada neste ranking a posición 638 de todas as institucións que se analizan a nivel mundial. É a número 27 das entidades de educación superior que se analizan en España, mentres que a nivel europeo atópase no posto 225.

439 (638) [Universidade de Vigo *](#)
ESP Q1

27 (638) [Universidade de Vigo *](#)
ESP Q1



Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



Na edición 2022 a UVigo a no QS World University Rankings entre as 1200 mellores do mundo.


QS World University Rankings.



O QS World University Rankings compara as mellores universidades do mundo tanto por área de coñecemento, como por empregabilidade dos seus egresados, ou por o número de citacións que reciben os seus artigos en revistas.

Na edición do *QS World University Rankings 2022* a UVigo está no grupo 1001-1200 das 1300 analizadas no mundo.

Ranking criteria



Universidade de Vigo

QS World University Rankings

1001-1200

Status	Research Outout	Student/Faculty Ratio	International Students	Size	Total Faculty
Public	Very High	16	764	L	1,242

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



*Na edición Best
Global Universities
Rankings 2021 a
UVigo ocupa o posto
número 822.*

US News a world report education.



Este ranking recolle información de institucións de EEUU e de máis de 60 países, que se clasifican en base a trece indicadores que miden o seu desempeño en investigación académica e a súa reputación global e rexional. Sendo unha axuda para que o estudiantado poida explorar as súas opcións de educación superior.

A Universidade de Vigo atópase na edición *Best Global Universities Rankings 2021* posto 822 a nivel mundial, mentres que a nivel europeo e estatal ocupa os postos 339 e 24, respectivamente.

Global Universities	
#822 in Best Global Universities (tie)	
Global score	41
Global research reputation	#810
Regional research reputation	#316
Publications	#683
Books	#715
Conferences	#533
Normalized citation impact	#1025
Total citations	#747
Number of publications that are among the 10% most cited	#758
Percentage of total publications that are among the 10% most cited	#1142
International collaboration - relative to country	#787
International collaboration	#512
Number of highly cited papers that are among the top 1% most cited	#866
Percentage of highly cited papers that are among the top 1% most cited	#1154

University of Vigo Rankings

University of Vigo is ranked #822 in Best Global Universities. Schools are ranked according to their performance across a set of widely accepted indicators of excellence. Read more about [how we rank schools](#).

University of Vigo Rankings

- #822 in Best Global Universities (tie)
- #339 in Best Global Universities in Europe (tie)
- #24 in Best Global Universities in Spain

University of Vigo Subject Rankings

- #155 in Agricultural Sciences (tie)
- #671 in Chemistry (tie)
- #449 in Computer Science (tie)
- #248 in Electrical and Electronic Engineering (tie)
- #344 in Engineering
- #457 in Environment/Ecology
- #461 in Plant and Animal Science

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



No 2020 a UVigo ocupa o posto 342 a nivel mundial e 21 en España.

Green Metric.



Green Metric ten como obxectivo proporcionar o resultado dunha enquisa en liña sobre a condición actual e as políticas relacionadas coa sostibilidade das universidades do mundo, intentando chamar a atención sobre a loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos e o transporte ecolóxico. Os datos que analizan son relativos a: entorno e infraestruturas, enerxía e cambio climático, residuos, auga, transporte e educación e investigación.

No 2021 a UVigo atópase no posto 331 a nivel mundial e 17 das universidades españolas que participan. A mellor puntuación obtense no apartado de lixo, que ten un peso do 18% sobre o total de criterios. Nel valóranse: os programas de reciclaxe, de redución de uso de papel e plástico e o tratamento de lixo orgánico, inorgánico e toxico, así como a eliminación de augas residuais.

Detail Rankings 2021 - Universidade de Vigo

Rank 2021	Country	Total Score	Setting & Infrastructure	Energy & Climate Change	Waste	Water	Transportation	Education & Research	Website
331	Spain	6475	1025	1250	1275	700	1000	1225	

Máis datos sobre o ranking Green Metric poden ser consultados na súa [web](#).

RANKING WEB DE UNIVERSIDADES

*En setembro do 2021
a UVigo ocupa o
posto 2173 a nivel
mundial.*

Ranking web de Universidades (Webometrics).

RANKING WEB DE UNIVERSIDADES

O CSIC publica desde 2004, cada seis meses un ranking académico sobre as universidades de todo o mundo tendo en conta a súa presenza e impacto na web. O laboratorio de Cibernética do Instituto de Políticas y Bienes públicos (IPP) do CSIC, ten por obxecto subministrar con este ranking información fiable, multidimensional, actualizada e útil sobre as universidades de todo o mundo tendo en conta a súa presenza e impacto na WEB.

En setembro do 2021 a UVigo acada o posto 2173, a nivel mundial, o 801 en Europa e o 55 en España, destacando sobre todo a súa apertura.

Ranking Mundial ▲	Ranking Continental	Ranking por País	Impacto	Apertura	Excelencia
2173	801	55	2564	6492	757



Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).

**RANKING WEB
OF REPOSITORIES**

No 2021 o repositorio Investigo da Uvigo ocupa a posición 1781 en canto a repositorios institucionais, e o 1841 en canto a repositorios en xeral.

Transparent Ranking of repositories.**RANKING WEB
OF REPOSITORIES**

O obxectivo deste ranking é apoiar o acceso aberto, acceso gratuíto a publicacións científicas en formato electrónico e a outros materiais académicos, utilizando indicadores que miden a visibilidade global e o impacto dos repositorios científicos. Centrándose na publicación web como ferramenta para comunicar o material académico, mantendo altos estándares de calidade nos procesos de selección. Tendo en conta, en todo momento, que os sitios web chegan a audiencias potenciais moito máis grandes e ofrecen acceso a coñecementos científicos a investigadores e institucións.

Ao valorar a posición da UVigo neste ranking debemos de ter en conta, segundo expresa o propia entidade que o elabora, que varios repositorios de acceso aberto de Google Scholar non indexan de forma tan completa coma antes, sen razón aparente.

Tendo en conta esta puntualización a Uvigo acada co seu repositorio Investigo, a posición 1781, en canto a repositorios institucionais, e a de 1841, en canto a os repositorios en xeral.

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).

NTU RANKING
Performance Ranking of Scientific Papers for World Universities

No 2021 a UVigo
acada unha
posición no
grupo 701-750 a
nivel mundial.

NTU RANKING.


O NTU ranking, *performance Ranking of Scientific Papers for World Universities*, é publicado pola Universidade Nacional de Taiwan. Este ranking proporciona unha clasificación sobre o desempeño dos documentos científicos para as universidades do mundo. Este sistema de clasificación está deseñado para avaliar os logros das universidades en investigación mediante o uso de indicadores obxectivos. O ranking proporciona unha clasificación xeral en 6 campos e 14 materias, os indicadores están deseñados para comparar tanto a calidade como a cantidade dos traballos científicos de cada universidade.

A Universidade de Vigo atópase no grupo das 751-800 a nivel mundial, por campus a súa mellor posición segue sendo a de agricultura, mentres que en materias a máis destacada é a de ciencias agrícolas, pasando nesta edición do posto 116 a 113, continuando a súa mellora

World University Rankings

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
World University Rankings	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	651-700	701-750	701-750	701-750	751-800

By Fields

Field	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Agriculture	-	-	-	-	155	241	267	277	275	301-350	300	301-350	301-350	301-350
Engineering	233	220	209	231	212	268	266	-	-	351-400	401-450	401-450	401-450	-
Life Sciences	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Medicine	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Natural Sciences	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Social Sciences	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).

natureINDEX


Na ventá de
datos de maio
2020 e abril
2021

Nature INDEX.

natureINDEX

É unha base de datos de información de afiliación de autores que recompila artigos de investigación publicados nun grupo seleccionado de 82 revistas científicas de alta calidade. Os seus creadores, o grupo *Nature Research*, indican que con este índice proporcionase información, case en tempo real, sobre os resultados de investigación de alta calidade a nivel institucional, nacional e rexional. O índice actualízase mensualmente e os datos recollen unha ventá anual de resultados. A ventá actual toma datos dende o 1 de xullo do 2019 ao 30 de xuño do 2020.

Neste período a UVigo acada o posto 776 das institucións académicas a nivel mundial .Dentro dos diferentes campos é no de ciencias da terra e medio ambiente no que acada unha mellor posición co posto 710.



Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).

InCites Essential Science Indicators

InCites Essential Science Indicators.


No 2021 a UVigo atópase no posto 1113 mundial en canto a número de citacións.

O Essential Science Indicators, pertence a *Clarivate Analytics*, é unha compilación de estatísticas de rendemento e tendencias, extrapoladas dos recontos de artigos publicados en revistas académicas e das citas destes artigos, utilizando a *Web of Science*. A base de datos actualízase cada dous meses, polo tanto 6 veces ao ano.

O número de citacións da UVigo en dito período é de 39386, cun total de 5323 documentos, o que implica que acade a posición 1133 a nivel mundial, dun total de 7409 institucións analizadas.

En canto a súa posición en España é a número 41 dun total de 282 institucións.

Total: 1	Institutions	Countries/Regions	Web of Science Documents	Cites	Cites/Paper
1	UNIVERSIDADE DE VIGO	SPAIN	10,735	155,296	14.47



Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



World University
Rankings 2021 a
UVigo atópase
no posto 572
mundial.

RUR (Round University Ranking).



O RUR avalía o desempeño de 820 institucións de educación superior líderes no mundo mediante 20 indicadores agrupados en 4 áreas de actividade: ensinanza, investigación, internacionalización e sostibilidade financeira.

Na edición *World University Rankings 2021*, a Universidade de Vigo atópase no ranking xeral no posto 572 a nivel mundial e no 19 en España cunha puntuación de 43885 puntos e de 60532 respectivamente.

Foundation year:	1990	Rankings	Rank	Score
Short name:	UVIGO	World University Ranking	572	43.885
Type:	Public	Teaching Ranking	446	50.791
Students:	18870	Research Ranking	619	34.582
Faculty:	1150	International Diversity Ranking	552	39.699
Students/Faculty Ratio:	16:1	Financial Sustainability Ranking	620	47.326
Web-site:	uvigo.es	Additional Rankings	Rank	Score
Region:	Europe	Reputation Rankings	559	35.829
Location:	Vigo, Galicia	Academic Rankings	-	-

En canto aos rankings parciais destaca a posición da nosa universidade en canto a diversidade internacional na que se atopa no posto 15 dentro de España cunha puntuación de 69030 puntos, mellorando a posición con respecto ao ranking anterior.

Indicator Group	Weight	Name	Indicator	Weight	Rank	Score
TEACHING RANKING	40%	Academic staff per students	8%	461	40.889	
		Academic staff per bachelor degrees awarded	8%	234	73.111	
		Doctoral degrees awarded per academic staff	8%	553	39.250	
		Doctoral degrees awarded per bachelor degrees awarded	8%	438	49.778	
		World teaching reputation	8%	524	39.672	
RESEARCH RANKING	40%	Citations per academic and research staff	8%	520	39.375	
		Doctoral degrees awarded per admitted PhD	8%	737	15.000	
		Normalized citation impact	8%	534	38.500	
		Papers per academic and research staff	8%	520	40.111	
		World research reputation	8%	591	31.943	
INTERNATIONAL DIVERSITY RANKING	10%	Share of international academic staff	2%	719	17.111	
		Share of international students	2%	605	30.250	
		Share of international co-authored papers	2%	320	63.125	
		Reputation outside region	2%	485	44.176	
		International level	2%	552	38.666	
FINANCIAL SUSTAINABILITY RANKING	10%	Institutional income per academic staff	2%	607	30.000	
		Institutional income per students	2%	602	30.625	
		Papers per research income	2%	90	88.667	
		Research income per academic and research staff	2%	665	23.333	
		Research income per institutional income	2%	627	27.750	

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



No 2021 a UVigo
atópase no posto
640 mundial.


UniRank University Ranking



UniRank é un directorio internacional de educación superior, que recolle máis de 13.000 universidades oficialmente recoñecidas en 200 países e proporciona unha clasificación baseada na presenza e popularidade na web.

O ranking valora, a través dun algoritmo, 5 métricas web independentes e imparciais extraídas de 4 fontes diferentes e que se recompilan na mesma semana para evitar flutuacións temporais.

A posición da UVigo, en setembro do 2021 é idéntica a do mesmo período do ano 2020, é 640 a nivel mundial e 25 en España.

	Universidade de Vigo	country rank 25
		world rank 640
		share▼

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



European Research Ranking.

O European Research Ranking (ER-Rank), baséase nos datos dispoñibles de xeito público e gratuíto sobre proxectos de investigación europeos que teñan sido financiados pola Comisión Europea durante os últimos anos. Os ditos datos proceden da base de datos CORDIS que a Comisión Europea publica a través de internet.

O criterio xeral para poder participar nesta clasificación é ter un mínimo de cinco proxectos. Outros criterios que se teñen en conta para realizar a clasificación son: o número total de proxectos nos que participa, a estimación do financiamento individual da propia institución, a suma das subvencións asignadas á institución, o prestixio da institución dentro da rede de socios, a constancia dos socios cos que traballa ou a diversidade de áreas de investigación dos proxectos entre outros.

Aínda non se atopa dispoñible a información do ano 2021.

Máis información sobre este ranking pode atoparse na súa [web](#).



*Na edición
2020/2021 a UVigo
acada o posto 707.*

Global World Communicator

A Universidade de Vigo entra por segunda vez neste ranking, o cal desenvolve unha metodoloxía que pretende recoller as diferencias dos sistemas educativos e de investigación a nivel mundial, e así establecer unha clasificación das universidades do mundo tendo en conta as súas características específicas. Un sistema de avaliación que permite coñecer todas as vantaxes competitivas das universidades, de xeito independente ao seu tamaño, país ou campos de estudo. Na imaxe podemos ver o situación da UVigo no estado de publicación do ranking na edición 2020-2021.

RankPro 2020/2021 World Leading Universities TOP 1000

World rank	University	Country	RankPro normalized to 100
707	University of Vigo	Spain	25.12

Dentro de España a UVigo acada o posto décimo sétimo e o 331 a nivel europeo.

En relación coas materias a UVigo atópase non posto 401-500 para as materias ciencias da terra e enxeñaría.

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na [web](#).



*Na edición
que se refire a
producción
científica do
ano 2020 a
Uvigo conta
cun total de
29 autores/as*

Ránking de investigadores máis citados da Universidade de Stanford

Este ranking é elaborado por John Ioannidis, da Stanford University, xunto con Kevin W. Boyack, de SciTech Strategies, e Jeroen Bass, de Elsevier, co obxectivo proporcionar “información estandarizada” sobre o número de citas, tendo en conta ou non as autocitas a traballos previos. A súa última actualización, publicada recentemente por *Plos Biology*, sitúa 29 investigadores e investigadoras da UVigo entre os máis citados do mundo ao longo da súa traxectoria e un total de 36 no que referido á produción científica no ano 2020 (Duvi, 2021).

Segundo o Duvi do 25/10/2021 David Posada encabeza a representación da nosa universidade, sendo o décimo investigador do mundo no campo da bioloxía evolutiva. O investigador Jianbo Xiao é o segundo investigador máis destacado, o terceiro é Juan Carlos Parajo e o cuarto Jesús Simal-Gándara.

Máis información sobre este ranking pode atoparse na [web](#).

No documento U-Ranking 2021 a UVigo Atópase no grupo 5 do índice de rendemento.


Ranking	índice	Universidade
1	1,5	Universidad Carlos III
1	1,5	Universitat Politècnica de Catalunya
1	1,5	Universität Pompeu Fabra
2	1,4	Universitat Autònoma de Barcelona
2	1,4	Universitat Politècnica de València
3	1,3	Universidad Autónoma de Madrid
3	1,3	Universidad de Cantabria
3	1,3	Universidad de Deusto
3	1,3	Universidad de Navarra
3	1,3	Universidad Politécnica de Madrid
3	1,3	Universitat de Barcelona
3	1,3	Universitat Rovira i Virgili
4	1,2	IE Universidad
4	1,2	Universidad de Alcalá
4	1,2	Universidad Pablo de Olavide
4	1,2	Universitat de Girona
4	1,2	Universitat de València
4	1,2	Universitat Jaume I
4	1,2	Universitat Ramon Llull
5	1,1	Universidad Complutense
5	1,1	Universidad de Alicante
5	1,1	Universidad de Almería
5	1,1	Universidad de Burgos
5	1,1	Universidad de Córdoba
5	1,1	Universidad de Granada
5	1,1	Universidad de La Rioja
5	1,1	Universidad de Zaragoza
5	1,1	Universidad del País Vasco
5	1,1	Universidad Miguel Hernández de Elche
5	1,1	Universidad Politécnica de Cartagena
5	1,1	Universidad Pública de Navarra
5	1,1	Universidade de Santiago de Compostela
5	1,1	Universidade de Vigo
5	1,1	Universitat de les Illes Balears
5	1,1	Universitat de Lleida
5	1,1	Universitat de Vic - Universitat Central de Catalunya

Rankings España

U- Ranking IVIE.



U-Ranking constrúe un conxunto de indicadores sintéticos do sistema universitario español, que permite ordenar as universidades tanto polo seu volume de resultados como polo seu rendemento, contemplando as tres misións da universidade: docencia, investigación e innovación, ofrecendo clasificacións das distintas titulacións e permitindo ás persoas usuarias expresar as súas preferencias.



En canto o U-Ranking, ordena as Universidades Españolas segundo o seu rendemento, corrixindo os efectos dos seus distinto tamaño para facelas comparables. No 2021, nesta clasificación corrixida a UVigo atópase no grupo quinto.

Mentres que o U-Ranking volumen, ordena as universidades segundo o seu volume total de resultados. Obtendo a UVigo, no 2021, unha posición no grupo décimo sétimo.

Con respecto a docencia atópase no cuarto grupo, mentres que en investigación e innovación está no sétimo grupo.

Máis información sobre este ranking pode atoparse na súa [web](#).

Fundación **CYD** *Fundación CYD*

D **Fundación **CYD****

Na edición Ranking CYD 2021 ten 13 indicadores dentro dos de maior rendemento.

O informe CYD no que se fai unha análise das características básicas do sistema universitario español, recollendo datos moi variados, dende o desempeño dos universitarios, á estrutura, pasando por cuestións relacionadas co persoal ou a financiación. Analizando catro grandes apartados: ensinanza e aprendizaxe, investigación, transferencia e coñecemento así como a súa orientación internacional.



No na edición Ranking CYD 2021 a Universidade de Vigo atópase dentro dos resultados globais das universidades de España, a Universidade de Vigo ten un total de 13 indicadores no grupo de maior rendemento, 10 no de rendemento intermedio, e 14 dentro dos de menor rendemento relativo. Destaca en investigación, con seis indicadores dentro do grupo de rendemento alto (fondos externos de investigación, tanto captados coma liquidados, publicacións por profesor, publicacións interdisciplinarias, post-doctorados e tramos de investigación. En transferencia do coñecemento obtense rendemento alto en fondos privados, patentes concedidas por profesor, ingresos por licencias e *spin-off*.

Máis datos sobre este ranking poden ser consultados na súa [web](#).




A fundación CYD tamén fai unha categorización da posición das universidades españolas no U-Multiranking en 5 grupos, sendo os grupos 1 e 2 os de mellores valores. Nestes grupos se reflicten os datos relativos aos criterios de: ensinanzas e aprendizaxe, investigación, transferencia do coñecemento, orientación internacional e contribución ao desenvolvemento internacional.

No ano 2021 a UVigo consegue importantes resultados en tempo e ratio de graduación de mestrado. Manténdose, en xeral, no nivel acadado en anos anteriores na maior parte do indicadores

Máis datos sobre U-Multirank poden ser consultados na súa [web](#).

A puntuación da UVigo pode ser consultada no seguinte enlace: <https://www.umultirank.org/study-at/university-of-vigo-rankings/>





Dyntra (Dinamic. Transparency Index)

A UVigo acada o 2º posto en transparencia, segundo o ranking Dyntra a setembro de 2021.

A plataforma Dyntra (Dinamic Transparency Index) xorde como a primeira plataforma colaborativa no mundo que traballa na medición e xestión do goberno aberto, nas organizacións e na sociedade civil. Nesta plataforma avalíanse un total de 137 indicadores para determinar o grao de transparencia das universidades.

Na consulta realizada en setembro do 2021 a posición da UVigo era a segunda, cumprindo cun total de 126 dos 137 indicadores referidos, o que implica un 91,97 % de grao de cumprimento. Debemos de ter en conta que se trata dun ranking absolutamente dinámico polo que a posición dunha institución varía constantemente, en función do grao de cumprimento de indicadores en cada momento.

POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	 Universidad de Valladolid	127 de 137 indicadores	92.7%
2	 Universidade de Vigo	126 de 137 indicadores	91.97%
2	 Universidad de Burgos	126 de 137 indicadores	91.97%
4	 Universidad de Murcia	123 de 137 indicadores	89.78%
5	 Universidad Rey Juan Carlos	121 de 137 indicadores	88.32%
6	 Universidad de A Coruña	113 de 137 indicadores	82.48%
7	 Universitat de les Illes Balears	112 de 137 indicadores	81.75%
8	 Universitat de Girona	110 de 137 indicadores	80.29%
8	 Universidad de Alcalá	110 de 137 indicadores	80.29%
8	 Universidad Complutense de Madrid	110 de 137 indicadores	80.29%

Máis datos sobre o ranking Dyntra poden ser consultados na súa [web](#).



FUNDACIÓN
COMPROMISO Y
TRANSPARENCIA

*No 2020 a
Universidade de
Vigo mellora en 6
puntos con respecto
á súa
transparencia.*

Fundación Compromiso y transparencia.



FUNDACIÓN
COMPROMISO Y
TRANSPARENCIA

A *Fundación Compromiso y Transparencia*, coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza diversas publicacións, entre elas o “*Exame de transparencia 2019. Informe de transparencia voluntaria na web das universidades españolas*”.

Aínda non está dispoñibles os datos correspondentes á anualidade 2021

Máis datos sobre este ranking poden ser consultados na súa [web](#).



No 2021 a UVigo a UVigo destaca polo número de patentes por cada 100 profesores.

IUNE

O informe IUNE 2021, sobre a actividade investigadora das universidades españolas, é o resultado do traballo realizado por un grupo de investigadores pertencentes ás universidades que integran a “Alianza 4U”, integrada por Universidad Carlos III de Madrid, Universidade Autónoma de Madrid, Universitat Autònoma de Barcelona e Universitat Pompeu Fabra, con financiación dos ministerios de Ciencia e Innovación e de Educación.

Este informe analiza a actividade científica das universidades españolas na década 2010-2019, sobre distintas dimensións coa finalidade de coñecer en profundidade a actividade investigadora e tecnolóxica das universidades que conforman o SUE (Sistema Universitario Español). A UVigo acada o décimo posto no ratio de patentes nacionais por 100 profesores, cun total de 152 no período indicado.

Tabla 12.10 universidades con mayor número de patentes en el periodo 2010-2019

Universidad	UPM	UPC	US	UPV	UCM	USC	UGR	UAM	UMA	UVIGO
Total patentes 2010-2019	376	327	315	236	185	185	172	166	162	152

KPI Actividad científica (promedio 2010-2019)

Universidad	% medio de artículos en revista Top 3	% promedio de artículos en Q1	Promedio citas por artículo	Promedio citas por profesor
UVIGO	8,57		18,19	18,36

KPI Innovación y competitividad (promedio 2009-2019)

Universidad	Promedio de patentes por 100 profesores	Promedio proyectos Programa Marco por 100 prof.	Promedio proyectos del Plan Nacional por 100 prof.
UVIGO	1,450	0,390	3,620

KPI capacidad formativa (promedio 2009-2019)

Universidad	Promedio becas FPI por 100 profesores	Promedio becas FPU por 100 profesores	Promedio contratos JdC por 100 profesores	Promedio contratos RyC por 100 profesores	Promedio tesis doctorales leídas por 100 profesores
UVIGO	0,97	1,15	0,46	0,29	15,44

Máis datos sobre o informe INUE poden ser consultados na súa [web](#).

elEconomista.es

*No 2021 a UVigo
atópase no posto 34
das universidades
analizadas sendo a
número 26 das
españolas.*

eECONOMISTA.

elEconomista realiza, dende fai dous anos, un ranking para seleccionar cales son as mellores universidade de Iberoamérica. Para realizar esta clasificación invita directamente a máis de cen institucións a participar nun estudo que procura ter unha mellor visión do panorama educativo en materia de innovación.

O estudo xira en torno a coñecer de primeira man as ferramentas que ten o profesorado para acometer a súa labor eficazmente nun entorno que xira cara a dixitalización. Ao tempo, que valora a adquisición de competencias dixitais do alumnado. Así estúdanse cuestións como: o plan curricular, as enquisas de satisfacción do alumnado, as políticas de transformación dixital, o portfolio dixital, as capacidades tecnolóxicas ou a metodoloxía de ensinanza dixital, entre outras.

Nesta clasificación a UVigo atópase na posición número 34 das analizadas sendo a número 26 das españolas.

Máis datos sobre o ranking de innovación de universidades de elEconomista poden ser consultados na súa [web](#).

Las 50 universidades más innovadoras de Iberoamérica

RANK	UNIVERSIDAD	País
1	Esade	ES
2	Universidad CEU San Pablo	ES
3	Escuela de Organización Industrial (EOI)	ES
4	Instituto Tecnológico de Estudios Superiores de Monterrey	MX
5	Instituto Tecnológico de Estudios Superiores de Monterrey	MX
6	Nova School of Business and Economics	PT
7	ESIC	ES
8	Universidad San Ignacio de Loyola (USIL)	PE
9	Universidad de Deusto	ES
10	Universidad Espíritu Santo (UEES)	VE
11	Universidad Francisco de Vitoria	ES
12	IE University	ES
13	Universidad Carlos III de Madrid	ES
14	Universidad Rey Juan Carlos	ES
15	Universitat de Barcelona	ES
16	Universidad Antonio de Nebrija	ES
17	Universidad Pontificia de Comillas	ES
18	IMF Business School	ES
19	Universidad Europea	ES
20	EAE Business School	ES
21	Universidad Complutense de Madrid	ES
22	Instituto Europeo d Design	ES
23	ESCP Business School	ES
24	Instituto Químico de Sarriá - Universidad Ramón Llull	ES
25	Universidad Iberoamericana Ibero	MX
26	Universidad Autónoma de México	MX
27	Universidad del Rosario	CO
28	Universidad EAFIT	CO
29	Universidad Alfonso X el Sabio	ES
30	Escuela Europea de Dirección y Empresa (EUDE)	ES
31	IESE Business School	ES
32	Universidad de Salamanca	ES
33	Universidad de León	ES
34	Universidad de Vigo	ES
35	Universidad de Los Andes	CO
36	Universidad Loyola Andalucía	ES
37	Universidad de Zaragoza	ES
38	Universidad Politécnica de Pachuca	MX
39	Universidad Nacional de Colombia	CO
40	Universidad Panamericana Upana	MX
41	Universidad de Buenos Aires	AR
42	Universidad Católica de Chile	CL
43	Universidad Católica de Río de Janeiro	BR
44	Universidad del Magdalena	CO
45	Universidad de las Américas Puebla	MX
46	Universidad Politécnica del Estado de Morelos	MX
47	Universidad Abierta Interamericana	AR
48	Universidad Nacional de Asunción	PY
49	Instituto Tecnológico y de Estudios Superiores de Occidente	MX
50	Universidad Andina Simón Bolívar	PE

Fuente: elaboración propia. eEconomista

Forbes University

*No 2021 a UVigo
aparece na lista
Forbes das 20
mellores
Universidades de
España na posto
número 19*

FORBES.

As listas Forbes son coñecidas polo seu rigor e alcance e nesta ocasión realiza a lista das 20 mellores universidades de España onde estudar, valorando diversos aspectos de calidade a través dun comité internacional de expertos en educación superior.

A análise realizouse a través dun cuestionario con máis de 50 preguntas divididas en 5 bloques, que son: prezo e accesibilidade (10%), experiencia do alumnado (30%), preparación para a vida laboral (30%), calidade do profesorado e da investigación (15%) e perspectiva internacional (15%).

A UVigo atópase no posto número 19, destacando nos bloques de prezo e accesibilidade, calidade do profesorado e a investigación. Sendo un dos seus grandes compromisos e motores da súa modernización a responsabilidade social e a Axenda 2030.

Máis datos sobre a lista Forbes das 20 mellores universidade de España poden ser consultados na súa [web](#).

Anexo I. Cadro resumo posición UVigo Rankings Internacionais

Ranking	2017	2018	2019	2020	2021
ARWU_Shanghai	501-600	501-600	601-700 (18-21e)	501-600 (14-18e)	501-600 (13-17e)
THE WUR	601-800 (15e)	601-800 (13e)	601-800	801-1000 (39e)	1001-1200 (34e) ¹
THE Young University	151-200	151-200	151-200 (13e)	201-250	251-300
THE European Teaching	---	126-150	201 +	Non dispoñible	Non dispoñible
THE Impact	---	---	101-200	101-200	201-300
Leiden Ranking CWTS	587 (17e)	623 (17e)	636 (18 e)	662 (18e)	666 (18e)
URAP	607 (22e)	645 (22e)	638 (24 e)	638 (22e)	642 (21e)
CWUR	687 (22e)	731 (26e)	690 (21 e)	681 (22e)	736 (22 e)
Scimago	469 (19e)	544 (20e)	617 (27e)	624 (25e)	638 (27e)
GWC	531 (10e)	600 + (16e)	---	---	707(17e)
QS World University	---	---	801-1000	801-1000	1001-1200 ²
US NEWS	---	735 (23e)	743 (24e)	780 (25 e)	822 (24e)

¹ Edición 2022

² Edición 2022

Ranking	2017	2018	2019	2020	2021
Green Metric	118	117	195	342	331
Webometrics			1721(55e)	1703 (52 e)	2173 (55e)
Transparente					
Ranking of repositories	---	---	1818 g/ 1772 i	1660 g / 1603 i	1841 g/ 1781 i
NTU	651-700	701-750	701-750	701-750	751-800
Nature INDEX	---	---	983 (35e)	850	776
Incites	---	---	1063	1067 (35e)	1133
RUR	---	---	430	595 (21e)	572 (19e)
UniRank	---	---	918	640 (25e)	640 (25e)
European Research Ranking	500-600	400-500	500-600	500-600	Non dispoñible

Anexo II. Cadro resumo posición UVigo Rankings España

Ranking	2017	2018	2019	2020	2021
U-Ranking IVIE	Posición 6	Posición 6	Posición 6	Posición 5	Posición 5
Fundación CYD	28	28	32	<i>Sen posición global</i>	<i>Sen posición global</i>
<i>Fundación CYD Investigación</i>	12	12	12		
Dyntra	--	9	4	2	2
IUNE	--	10	21	<i>Sen posición global</i>	<i>Sen posición global</i>
Compromiso y transparencia	--	--	6	3	<i>Non dispoñible</i>
elEconomista	--	--	--	--	34
Forbes	--	--	--	--	19

Anexo III. Cadro resumo posición UVigo Ranking ARWU subject

Field	Academic Subject	2017	2018	2019	2020	2021
Natural sciences	Chemistry	301-400	301-400	401-500	-----	-----
	Earth Sciences	-----	401-500	401-500	401-500	401-500
	Ecology	-----	301-400	301-400	401-500	301-400
	Oceanography	-----	101-150	101-150	76-100	101-150
	Atmospheric Science	-----	301-400	301-400	301-400	301-400
Engineering	Electrical & Electronic Engineering	301-400	201-300	151-200	301-400	301-400
	Telecommunication Engineering	-----	-----	151-200	101-200	201-300
	Civil Engineering	-----	-----	201-300	-----	201-300
	Chemical Engineering	201-301	201-300	301-400	301-400	401-500
	Energy Science & Technology	-----	-----	-----	301-400	-----
	Environmental Science & Engineering	-----	401-500	401-500	-----	-----
	Food Science & Technology	51-75	51-75	76-100	51-75	51-75
	Biotechnology	-----	301-400	301-400	401-500	401-500
Life Sciences	Agricultural Sciences	301-400	301-400	301-400	401-500	401-500
	Economics	-----	-----	401-500	-----	-----

Field	Academic Subject	2017	2018	2019	2020	2021
Social Sciences	Hospitality & Tourism Management	-----	-----	201-300	201-300	201-300
	Education	-----	-----	-----	-----	401-500
Medical Sciences	Pharmacy&Pharmaceutical Science	-----	-----	-----	-----	401-500

Anexo IV. Cadro resumo posición UVigo Ranking THE subject

Subject	2018	2019	2020	2021	2022
Clinical, pre-clinical and health	-----	-----	-----	-----	-----
Life Science	401-500	401-500	501-600	501-600	501-600
Physical Sciences	-----	601-800	600-800	601-800	601-800
Psychology	-----	-----	-----	-----	-----
Arts & humanities	-----	401+	401+	401-500	501+
Education	-----	301-400	401+	501+	501+
Law	-----	-----	-----	-----	-----
Social Sciences	-----	-----	-----	-----	601+
Business and economics	-----	501 +	501 +	601+	601+
Computer science	-----	401-500	401-500	401-500	501-600
Engineering & technology	401-500	401-500	501-600	501-600	601-800

Anexo V. Cadro resumo posición UVigo Ranking QS subject

Subject	2019	2020	2021
Engineering-mechanical	401-450	401-450	-----
Engineering-Electrical and electronic	351-400	301-350	301-350
Chemistry	451-500	451-500	551-600

Información de contacto

Unidade de Análises e Programas

Edificio Filomena Dato.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: <https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>

Universida_{de}Vigo



